

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIAL DESTINADO A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS AFECTADAS DE ENFERMIDADES RARAS E/OU CRÓNICAS E DAS SÚAS FAMILIAS E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas (FEGEREC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude do mantemento da FEGEREC e do programa que na área de intervención social ten previsto desenvolver durante o ano 2023 dentro do seu ámbito de actuación e de acordo co seu Proxecto de atención integral sociosanitaria, destinado a mellorar a integración sociolaboral, a autonomía persoal e a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e/ou crónicas e ás súas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto do programa subvencionado a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude; concretamente no seu artigo 21, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei de Contratos do Sector público.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

